POSIBLES PREGUNTAS CLAVE QUE UNHA PERSOA TRABALLADORA PODE LEVAR PREPARADAS PARA A SÚA PRÓXIMA CITA MÉDICA COA MUTUA POR TRASTORNO MUSCULOESQUELÉTICO (TME)

Confederación Intersindical Galega
GABINETE TÉCNICO DE SAÚDE LABORAL

PREGUNTAS SOBRE DIAGNÓSTICO E TRATAMENTO	Cal é o diagnóstico exacto da miña doenza? (Pide que cho expliquen con claridade e en termos comprensibles.)
	Que probas complementarias se realizaron ou se van a realizar? (Resonancia, radiografía, electromiograma, etc.)
	Que opcións de tratamento existen e cal é a máis adecuada para o meu caso? (Fisioterapia, medicación, cirurxía, rehabilitación funcional…)
	Cal é o plan de recuperación previsto e canto tempo se estima para o mesmo?
	Pódese solicitar unha segunda opinión médica?
PREGUNTAS SOBRE SEGUIMENTO E EVOLUCIÓN	Con que frecuencia terei revisións médicas?
	Como se avaliará a miña evolución? Que criterios se usan para valorar a melloría?
	Podo acceder a informes médicos ou resultados de probas?
	Que debo ou podo facer se o tratamento non está a dar resultados?
	Podo solicitar unha reavaliación ou cambio de tratamento?
	Que opcións hai se a dor se cronifica?
PREGUNTAS SOBRE DEREITOS E XESTIÓN DA BAIXA	Podo rexeitar algún tratamento ou derivación se non estou conforme?
	Que ocorre se non estou de acordo con unha proposta de alta médica?
	Como podo recorrer unha decisión médica da mutua?
	Comunicouse esta cita ao INSS ou ao meu médico de cabeceira?
	A mutua cobre os gastos derivados de desprazamentos para recibir tratamento?
PREGUNTAS SOBRE PRIVACIDADE E CONSENTIMENTO	Que datos da miña historia clínica están a compartirse coa mutua?
	Podo revogar o consentimento para o acceso ao meu historial médico?

Estas preguntas poden axudar á persoa traballadora a entender mellor a súa situación médica, protexer mellor os seus dereitos e asegurarse dentro do posible de recibir o tratamento máis axeitado ás súas doenzas e situación.